

Jorge MACHÍN LUCAS: *José Ángel Valente: Perfiles esotéricos*. Madrid: Devenir el otro, 2017, 227 pp.

Froito dunha selección de artigos publicados en diversas revistas durante máis dunha década, o hispanista Jorge Machín Lucas expón no seu libro *José Ángel Valente: Perfiles esotéricos* a importante influencia do pensamento e coñecemento irracional na obra do gran poeta José Ángel Valente (Ourense 1929 - Xenebra 2000), unha das personalidades máis alumeadoras, radicais e lúcidas do panorama literario do século XX. Estudoso e especialista na obra deste galego universal, o profesor da canadense University of Winnipeg emprega con acerto neste conxunto de ensaios tanto o seu saber sobre literatura comparada coma os seus estudos sobre mística, intertextualidade e posmodernidade, precisamente as tres nocións teóricas básicas que, segundo o autor destes textos, conforman a urdime da obra poética e ensaística do ourensán (p. 11). Así mesmo, cabe mencionar que foi a defensa desta tese sobre a poética valenteana a que levou a Machín Lucas a acadar o título de doutor na Ohio State University e, posteriormente, a publicar no 2010 o seu interesantísimo estudo *José Ángel Valente y la intertextualidad mística postmoderna* na serie Punto Cero da Universidade de Santiago de Compostela, coordinada pola Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética.

Despois dunha nota inicial que prelude o resto de ensaios aquí recollidos, o libro ábrese co estudo «La poética del silencio de José Ángel Valente (1929-2000): del presente agónico al presente cero», no cal se pon de manifesto outra das claves da esexese valenteana que Machín Lucas desenvolve ao longo deste volume e que se resume na tradución da traxectoria poética de Valente como un camiño de volta á orixe do ser e da vida. Neste traxecto «espiral hacia el centro de la ipseidad y de lo cósmico» (p. 14) é capaz de distinguir o hispanista tres etapas que lle permiten realizar unha análise en correspondencia coa significación outorgada a cada un destes tramos. Segundo isto, os primeiros pasos de Valente como poeta estarían caracterizados por unha poesía referencial marcada polo contexto histórico da posguerra, que abranguería dende o seu primeiro poemario *A modo de esperanza* (1953-4) ata *Presentación y memorial para un monumento* (1969). A segunda parte da andaina, unxida xa pola súa lectura das tradicións místicas, o simbolismo, o surrealismo e a «razón poética» de María Zambrano, incluíría os seus poemarios publicados dende *El inocente* (1967-70) ata *Interior con figuras* (1973-76), anunciando con eles unha última etapa máis longa marcada pola autorreferencialidade e a busca do inmanente, á cal pertencería a súa poesía escrita dende *Material memoria* (1977) ata *Fragmentos de un libro futuro* (2000).

Poeta do baleiro e do silencio, se ben é certo que a remisión á orixe, ao punto cero da linguaxe, está presente dende a primeira etapa poética de Valente, Machín Lucas explica como esta busca se vai transformando e abrindo en ciclos posteriores. Así se xustifica que, para amosarnos as manifestacións das influencias esotéricas na poesía valenteana, o profesor xuntase aquí as súas análises feitas sobre os poemarios máis representativos desta etapa de madurez na cal o poeta «pretendió chegar a un imposible: espiritualizar lo somático y corporeizar lo espiritual en una erótica de la carne y la palabra» (p. 19).

Ordenados non polo momento no que foron escritos, senón polo ano de publicación do poemario sobre o que tratan, os artigos recollidos neste libro ofrécenlle a quen o abre a oportunidade de consualos de maneira individual ou continua, amosándose sempre co mesmo título co que apareceron por primeira vez espallados en diversas revistas especializadas dende o 2002 ao 2014: «*Material memoria* de José Ángel Valente: un itinerario ontolóxico hacia las formas oscuras de lo originario», «*Mandorla* de José Ángel Valente: una infructuosa búsqueda de la justicia social más allá de la muerte», «José Ángel Valente y la mística en *El fulgor*: una teofanía pagana en busca del silencio sonoro de la palabra», «*Al dios del lugar* de José Ángel: historias del ser hacia el origen», «*No amanece el cantor* de José Ángel Valente: una corrección inmanente de la gran “Historia” del racionalismo», «*Fragments de un libro futuro* de José Ángel Valente: el último viaje solipsista hacia el origen del ser y de la vida» e «Camilo José Cela a la luz de José Ángel Valente: desde el prólogo a su *Poesía Completa* hasta los cimientos de una breve poética de lo originario».

Se ben é certo que o obxecto visible de cada artigo adoita ser un poemario concreto do poeta, é fundamental resaltar como Machín Lucas consegue amosar, realmente, unha interpretación unitaria da traxectoria valenteana como un proceso de desestruturación que busca a experiencia extrema da linguaxe e a volta a unha orixe universal. Efectivamente, en consonancia con esta lectura, o propio Valente explicou en diversas ocasións como ao longo da súa creación se producira «un triple descenso por la interioridad de la palabra a las capas de la memoria personal, de la memoria colectiva y de la memoria de la materia, de la memoria del mundo». E non será máis que nesta decisiva última fase onde se produce a final unificación da materia e do espírito, o encontro do logos coa carne e, polo tanto, o lugar propicio onde o poeta debe introducir as súas redes.

Este é o camiño polo cal mística, eros e poesía se equiparan na visión poética de Valente, e así se nos evidencia a través da análise intertextual feita por Machín Lucas, quen, ademais, nos repite que o ourensán non só recibiu o importante influxo da mística cristiá, senón que as súas fontes se mesturaron nun fértil sincretismo. Deste xeito, os diversos artigos insisten en apuntar un interesante «cruce de intertextos, que van desde el intimismo salomónico del *Cantar de los cantares* hasta la cábala judaica y la mística sufí, con las líricas provenzal y *dolcestilnovista* de Francesco Petrarca, los místicos del renacimiento español —San Juan, Santa Teresa o el crepúsculo barroco del autoaniquilatorio herasiarca quietista Miguel de Molinos, anatemizado por el Papa Inocencio XI a finales del XVII—, las tradiciones místicas orientales como el tao y ciertas categorías estilísticas» (p. 71).

Mais a importancia da mística e do pensamento esotérico na poética de Valente é vista polo autor deste libro como unha reacción necesaria á decepción posmoderna ante o

Reseña

devir dun mundo marcado pola inxustiza social e a razón de estado. Deste modo, a obra do galego estaría movida polo utópico propósito de corrixir un racionalismo errado. Busca mística e linguaxe xuntaríanse en Valente, pois, como única vía posible para a salvación e a construción dunha nova historia. Tal é o poder taumatúrxico da poesía.

Cristina FIAÑO